

Á Axencia Galega de Infraestruturas

A súa referencia: LU/21/030.01

_____, actuando en representación de Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA), CIF G15044811, na súa condición de representante, con domicilio a efectos de notificacións en Ronda das Fontiñas 180, Ent B Lugo, polo presente comparece ante esa administración e, como mellor proceda en Dereito,

DI

- Que no Boletín Oficial 44 de data 3 de marzo de 2023, publicouse anuncio polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de trazado de actualización do proxecto da rolda leste de Lugo, treito II: LU-530-N-VI, de clave LU/21/030.01, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referido.
- Que, en tempo e forma, polo presente e en relación co aludido anuncio, procédense a evacuar as seguintes

ALEGACIONES

PRIMEIRA. - Falta de xustificación do proxecto

Non hai ningún estudio de mobilidade técnico que avale a necesidade de construción desta autovía, e que avalíe a repercusión que vai ter sobre a mobilidade da cidade. Tampouco existe no proxecto técnico un apartado onde se inclúa a xustificación da necesidade desta infraestrutura.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Lugo está deseñado para una previsión, en 2020, de 115.590 habitantes, cando a poboación actual é de 97.211 (datos do IGE para o ano 2022). No ano 2011, cando se aprobou o PXOM, o municipio contaba con 98.007 habitantes (tamén segundo datos do IGE). Polo tanto a previsión de crecemento era de +17.583 habitantes, cando realmente houbo un decrecemento de -796 habitantes.

O PXOM prevía a construción de 27.253 vivendas novas pero, segundo o IGE, construíronse en Lugo, entre 2011 e 2020, un total de 572.

[https://www.ige.gal/igebdt/esqv.jsp?ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=1424&R=9913\[27028\];1\[2011:2012:2013:2014:2015:2016:2017:2018:2019:2020\]&C=0\[64\]&F=&S=&SCF=](https://www.ige.gal/igebdt/esqv.jsp?ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=1424&R=9913[27028];1[2011:2012:2013:2014:2015:2016:2017:2018:2019:2020]&C=0[64]&F=&S=&SCF=)

A isto hay que engadir a gran cantidade de vivendas baleiras existentes na actualidade no municipio (un 20% das existentes cun total de 12.370), sendo Lugo o terceiro municipio do estado con máis vivanda baleira. E significativa tamén a baixada da poboación na provincia de Lugo (con 351.530 habitantes en 2011 e 323.989 en 2022) e na comarca de Lugo (120.548 habitantes en 2011 e 117.637 en 2022). Engadindo ademais a baixada de estudantes desprazados a Lugo dende o ano 2012.

Polo tanto as expectativas do viario trazado polo PXOM, e polo tanto a Ronda Leste, xa non son reais.

Deben de aplicarse, por tanto e dende o punto de vista do desenvolvemento sostible, para decidir se debe de construír ou non a Ronda Leste, as directrices contidas na Guía práctica para a elaboración e implantación de Plans de Mobilidade Urbana do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía do Ministerio de Fomento de 2006, cando ao respecto das circunvalacións, especifica:

A la hora de abordar los problemas de congestión en las vías urbanas se deben priorizar las actuaciones encaminadas a realizar una utilización más eficiente de las infraestructuras existentes (promocionando el uso de los modos no motorizados, el transporte público y los vehículos de alta ocupación), frente a las actuaciones basadas en

el aumento de la capacidad y la construcción de nuevas vías. Para ello deberá hacerse un análisis riguroso de las necesidades del sistema, desarrollándose un estudio integral del conjunto de la red viaria que permita conocer de forma real cuáles son estas necesidades.

Segundo se indica no proxecto técnico, a infraestrutura dará servizo a unha poboación de 120.000 habitantes, tendo en consideración Lugo e a súa área de influencia. Xa se indicou no apartado anterior que a poboación de Lugo non chega aos 100.000 habitantes, e a tendencia non é de crecemento, senón a tendencia negativa ou de estancamento. Para os concellos limítrofes, as conexións coa cidade xa están garantidas coa A-6, que circunvala a cidade de Lugo dende Nadela ata o Ceao, e que serve como punto de acceso á cidade a través das 4 saídas: Nadela, A Fonsagrada, Oviedo, O Ceao.

SEGUNDA. A Declaración de Impacto Ambiental non debe considerarse válida

Segundo se indica no proxecto, considérase válida a Declaración de Impacto Ambiental formulada o 29 de novembro de 2004 e que foi publicada no DOG o 24 de xaneiro do 2005:

“El proyecto fue sometido a evaluación de impacto ambiental y cuenta con Declaración de Impacto Ambiental, formulada por la Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental el 29 de noviembre de 2004, relativa al proyecto de trazado y estudio de impacto ambiental de la tercera ronda de Lugo (ronda este). Conforme al artículo 43 de la Ley 21/2013, la DIA perderá su vigencia si una vez publicada en el BOE o diario oficial correspondiente no se hubiera comenzado la ejecución del proyecto o actividad en el plazo de cuatro años. En este caso se comenzó la ejecución del proyecto, en concreto el Tramo I (N-640 – LU-530), en dicho plazo, por tanto se considera vigente la Declaración de Impacto Ambiental del 29/11/2004.”

Porén, estímase que a mencionada DIA **non debe considerarse como válida**, e que a interpretación da normativa vixente resulta inadecuada, polos seguintes motivos:

1. O artigo 44 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental establece no seu punto 1 que as condicións da DIA poderán modificarse cando concorra como circunstancia (“a”): *“A entrada en vigor de nova normativa que incida substancialmente no cumprimento das condicións establecidas na declaración de impacto ambiental.”*

A DIA, tal como figura na memoria do Proxecto, foi feita pública o 24 de xaneiro de 2005. Ata o momento actual teñen sido aprobados unha serie de instrumentos normativos que afectan de forma directa e substancial ao proxecto:

- a. A Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, que establece no seu Artigo 11:

“En todos os proxectos que deban someterse ao procedemento de Declaración de impacto ambiental, segundo se establece na lexislación sectorial vixente, as entidades promotoras deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística, documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas polas devanditas entidades”.

O documento accesible no proceso de información pública do Proxecto só inclúe un “Proyecto de Restauración e Integración Paisaxística” que, segundo figura no apartado “12.1. Antecedentes” responde á resolución de 29 de novembro de 2004, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, que establece dito proxecto como condición para a formulación do DIA (anterior á normativa mencionada); e que ademais, non se corresponde formalmente co esixido polo parágrafo 2 do mencionado artigo, referente ós contidos do estudo de impacto e integración paisaxística. **Polo tanto, a DIA actualmente aprobada non responde ás obrigas da normativa vixente en materia de paisaxe e debe considerarse polo tanto, non válida.**

b. A Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, á que se fai referencia neste epígrafe e no anterior.

c. A Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, que no seu artigo 34 establece que

“Todos os plans, programas e proxectos relativos a ámbitos como a paisaxe, o desenvolvemento rural ou as infraestruturas ou calquera outro que poida supoñer unha afección ao patrimonio cultural de Galicia pola súa incidencia sobre o territorio, deberán ser sometidos ao informe da consellaría competente en materia de patrimonio cultural, que establecerá as medidas protectoras, correctoras e compensatorias que considere necesarias para a salvagarda do patrimonio cultural afectado, sen prexuízo das súas competencias para a posterior autorización das intervencións que puideren derivar dos documentos en trámite”.

Ademais, indica que

“No caso de plans, programas ou proxectos sometidos a un procedemento de avaliación ambiental, o organismo competente para a súa tramitación solicitará o informe preceptivo da consellaría competente en materia de patrimonio cultural segundo o establecido na normativa reguladora dos ditos procedementos de avaliación ambiental.”

O documento do Proxecto, na súa actual forma, **non está actualizado respecto dos citados informes da consellaría competente en materia de patrimonio cultural**, polo que se considera que tanto a nivel do establecemento das medidas protectoras, correctoras e compensatorias, coma dos procedementos de avaliación ambiental, o proxecto non ten validez.

d. A Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, na que se establece a través dos seu artigo 86 a obrigatoriedade e prazos de aprobación da Estratexia galega de infraestrutura verde e da conectividade e a restauración ecolóxicas, coas **consecuencias destacadas nos apartados seguintes**.

e. O Decreto 96/2020, de 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e que a través dos seus artigos 26, 27 e 28 regula os Estudos de impacto e integración paisaxística.

f. O Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia, e no que se establece a través dos seus Obxectivos de Calidade Paisaxística para a a Grande Área Paisaxística de Chairas e Foxas Luguesas (onde está localizado o Proxecto) os obxectivos “9B_2. Uns espazos urbanos cun crecemento controlado, nos cales se promova a compactidade urbana, a integración paisaxística e a conservación dos elementos con valor paisaxístico” e “9B_4. Uns espazos urbanos xestionados mediante instrumentos que conduzan á súa compactidade e integración paisaxística”, ós cales o Proxecto non fai referencia en ningunha das súas seccións, e que en calquera caso son incompatibles coas propostas a nivel paisaxístico definidas no Proxecto. Ademais, especifica a súa medida “D.6.2. Garantir a conectividade ecolóxica e a restauración do territorio galego”, a ser desenvolvida en referencia á lei 5/2019 comentada no apartado anterior e a través da Estratexia galega de infraestrutura verde comentada no apartado seguinte. Considerase que o contido das Directrices de paisaxe de Galicia define **unha serie de elementos que deben ser considerados na DIA do Proxecto**, e dos cales carece na súa forma actual.

g. A Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, na que se establece a través do seu Artigo 9, parágrafo 3 que a infraestrutura verde

“...estará integrada por determinados espazos e elementos que desempeñan unha función ambiental e territorial, incluíndo tanto ámbitos protexidos por unha regulación específica como outros que non posúen esa protección. En ambos os dous casos os instrumentos de ordenación do territorio regularán os usos e os aproveitamentos que resulten compatibles co mantemento da estrutura e da funcionalidade da dita infraestrutura”.

No parágrafo 4, establécense entre as funcións da infraestrutura verde as de

“b) Asegurar a conectividade ecolóxica e territorial necesaria para a mellora da biodiversidade, a saúde dos ecosistemas e a calidade da paisaxe”;

“c) Proporcionar unha metodoloxía para o deseño eficiente do territorio e unha gradación de preferencias en canto ás alternativas dos desenvolvementos urbanísticos.”

e “h) Mellorar a calidade de vida das persoas nas áreas urbanas e no medio rural e fomentar unha ordenación sustentable do medio urbano”.

E no seu parágrafo 2, que:

“Os instrumentos de ordenación do territorio terán en conta, en función da súa escala, as determinacións da Estratexia estatal de infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas, así como a que desenvolva a Comunidade Autónoma de Galicia. Para estes efectos, os instrumentos de ordenación do territorio recollerán a identificación e a caracterización dos espazos da Estratexia galega de infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas que elabore a Comunidade Autónoma de Galicia”.

Considerando que o Paseo do Rato e as áreas adxacentes do Val do Río Rato afectadas polo proxecto correspóndense cun elemento de infraestrutura verde tal como se describe na normativa, e que o Proxecto na súa actual forma non fai ningún tipo de mención á infraestrutura verde tanto na súa conceptualización do territorio como na súa regulación normativa, **hai sobrados motivos para recoñecer que tanto a Lei 5/2019 como a Lei 1/2021 inciden substancialmente no cumprimento das condicións establecidas na DIA do Proxecto**, formulada o 29 de novembro de 2004; e que polo tanto, segundo establece a normativa ambiental vixente, dita DIA pode considerarse como non válida;

h. A Orde PCM/735/2021, de 9 de xullo, pola que se aproba a Estratexia Nacional de Infraestrutura Verde e da Conectividade e Restauración Ecolóxicas, coas consecuencias e incidencias mencionadas nos apartados anteriores referidos á Lei 1/2021.

Considerase pois que o conxunto normativo definido polas leis 7/2008, 21/2013, 5/2016, 5/2019 e 1/2021, así como no Decretos 96/2020 e 238/2020 incorporan evidencias suficientes dunha incidencia substancial da normativa posterior á aprobación da DIA do Proxecto sobre os contidos da mesma, que polo tanto non pode ser considerada como válida na súa forma actual.

2. O artigo 43 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental establece que *“A declaración de impacto ambiental do proxecto ou actividade perderá a súa vixencia e cesará na produción dos efectos que lle son propios se, unha vez publicada no «Boletín Oficial del Estado» ou diario oficial correspondente, non comenzara a execución do proxecto ou actividade no prazo de catro anos.[...]”*. Enténdese que a DIA mencionada, tal como figura no propio proxecto, correspóndese cun expediente con clave **LU/01/084.01**. O Proxecto ó que se fai referencia nestas alegacións consta no seu expediente con clave **LU/21/030.01**. Debería considerarse, polo tanto, que os proxectos correspondentes co Tramo I e Tramo II constitúen dous proxectos ou actividades que deben ser considerados como diferentes ós efectos administrativos; e dado que a DIA, según o especificado no citado artigo, fai referencia a un proxecto ou actividade determinados, precisaría cada un deles dun proceso de avaliación ambiental, e posterior DIA, específicos.

TERCEIRA. Incompatibilidade do proxecto coa Estratexia de Infraestrutura verde de Galicia

O Val do Rato recóllese no proxecto de Estratexia Galega de Infraestrutura Verde coma unha zona clave para a prestación dunha extensa gama de servizos ecosistémicos indispensables para as habitantes de Lugo, que redundan no aumento da súa calidade de vida. É unha infraestrutura verde que mellora a calidade do aire da cidade, a gran masa arbórea prevé ademais correntes de terras ou inundacións durante os episodios de fortes choivas, cada vez máis habituais. Serve de corredor e refuxio para múltiples especies, e os bosques maduros aportan á zona unha grande diversidade micolóxica.

No “Proxecto de orde pola que se aproba a Estratexia galega da infraestrutura verde e da

conectividad e restauración ecolóxicas”, actualmente en fase de aprobación; e especificamente na cartografía definida na sección de “Mapas” da documentación oficial facilitada durante o período de información pública figura no “Mapa 01: Elementos de Infraestrutura Verde” o río Fervedoira/Rato no seu tramo final como “Corredor (Río)” e a área xeográfica adxacente como área multifuncional orientada á “Calidade de Vida de Poboación”, sendo **as dúas áreas afectadas de forma directa polo Proxecto**. Existe polo tanto un recoñecemento por parte do equipo redactor da área afectada polo Proxecto como unha infraestrutura verde, que ademais se integra no antecedente dun futuro instrumento normativo de regulación de dito tipo de elementos. Polo tanto, o actual enfoque do Proxecto non só non é compatible co futuro desenvolvemento en materia de Infraestrutura Verde.

E importante considerar que, incluso de forma independente da situación de protección normativa antes mencionada, o Proxecto produciría un impacto irrecuperable na función do Val do Rato como elemento de infraestrutura verde. Ademais do impacto directo pola desaparición dunha notable superficie de bosque, existirían unha serie de impactos indirectos que levarían á degradación progresiva do espazo natural, e á perda da súa integridade ecolóxica e por conseguinte, da súa función protectora da biodiversidade e provedora de servizos ecosistémicos. Para máis detalles, pódese consultar a entrada do *blog* de divulgación científica do grupo de investigación COMPASSES: <https://www.compasses-usc.com/post/%C3%A9-conservar-a-infraestructura-verde-do-rato-o-aut%C3%A9ntico-progreso>.

CUARTA. A información sobre fauna contida no proxecto de trazado actual é obsoleta e contén datos erróneos

No apartado 10.2.3 “GRUPOS Y POBLACIONES FAUNÍSTICAS INVENTARIADOS EN LA ZONA”, afirmase que “*En referencia a los grupos y poblaciones faunísticos potencialmente afectados por el trazado, recordar que éstos, según el EsIA, estaban conformados por las siguientes poblaciones*”. Interpretase que os datos dos así chamados “*grupos y poblaciones faunísticas*” son do estudo de impacto ambiental (EsIA) que foi aprobado o 12 de xaneiro de 2005. Polo tanto, os datos de fauna teñen máis de 18 anos, polo que non recollen a presenza actual de numerosas especies colonizadoras recentes da zona, e reflexan, porén, especies extintas hai máis dunha década na zona (por exemplo *Circus pygargus*). Ademais, no devandito apartado 10.2.3, aparece como especie “En Perigo de Extinción” na columna correspondente ao Catálogo Galego de Especies Ameazadas a especie *Parus caeruleus* (actualmente *Cyanistes caeruleus*), o cal non é certo (cf. Decreto 88/2007, de 19 de abril e Decreto 167/2011, de 4 de agosto). Ademais, afirmase que *Fringilla coelebs* e *Carduelis cannabina* (actualmente *Linaria cannabina*) teñen a categoría “Datos insuficientes” (DD) segundo o Catálogo Galego de Especies Ameazadas, cando neste Catálogo non existe tal categoría. **A inclusión de datos obsoletos e erróneos debería supoñer o rexeitamento do presente Proxecto de trazado actual.**

QUINTA. Non se avalía correctamente o impacto do trazado do viario sobre as especies, incluíndo aquelas ameazadas

O apartado 10.2.4 “Conclusión” do Proxecto de trazado actual, aparece o seguinte texto: “*A efectos de la fauna, se trata de un ámbito que reviste un interés discreto, dado el carácter de confinamiento descrito y los usos del suelo en el ámbito*”. Dita afirmación non se axusta á realidade do texto, xa que non se fai unha avaliación por especies e/ou por grupos, nin sequera referenciando os contidos do Estudo de Impacto Ambiental, que obrigatoriamente debe posuír tal avaliación (Lei 21/2013, de 9 de decembro). A destacar, no apartado 10.2.4 do Proxecto de trazado actual inclúense varias especies consideradas Vulnerables no Catálogo galego de especies ameazadas (*Rana iberica*, *Rana temporaria* (= *R. parvipalmata*), *Circus pygargus* e *Galemys pyrenaicus*), das que non se realiza ningún tipo de avaliación dos efectos da Rolda Leste, algo crítico nun proxecto da súa envergadura, e que debería supoñer o rexeitamento do mesmo.

SEXTA. A información sobre fauna do Proxecto de trazado actual non se axusta ao trazado actual

O Estudo de Impacto Ambiental foi realizado con anterioridade á súa aprobación o 12 de xaneiro de 2005, polo que non fai referencia ao trazado actual incluíndo no Proxecto de trazado actual. Por tanto, fai referencia a unha fauna que pode non estar presente exactamente na área do trazado, obviando con isto especies que si que están dentro do trazado e que deberían ser obxecto de protección. **Esta incongruencia debería supoñer o rexeitamento do presente Proxecto de trazado actual.**

SÉTIMA. A mención do Proxecto de trazado actual aos obxectivos e contidos do Estudo de Impacto Ambiental da Rolda Leste son incompletos

A lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental (vixencia desde o 12 de decembro de 2013 e revisión vixente desde o 31 de marzo de 2022), no seu artigo 35 “Estudo de impacto ambiental”, punto 1c, afirma que o estudo debe abordar a *“Identificación, descrición, análise e, se procede, cuantificación dos posibles efectos significativos directos ou indirectos, secundarios, acumulativos e sinérxicos do proxecto sobre os seguintes factores: a poboación, a saúde humana, a flora, a fauna, a biodiversidade, a xeodiversidade, o chan, o subsolo, o aire, a auga, (...) o clima, o cambio climático, a paisaxe, os bens materiais, o patrimonio cultural, e a interacción entre todos os factores mencionados, durante as fases de execución, explotación e no seu caso durante a demolición ou abandono do proxecto”*. Obviando o xa dito sobre a fauna, no Proxecto de trazado actual apenas se resume, e de xeito incompleto, a información do Estudo de Impacto Ambiental referente á poboación, ao chan, ao aire, á auga, á paisaxe e aos bens materiais, dito Proxecto do trazado actual debería resumir os *“efectos significativos directos ou indirectos, secundarios, acumulativos e sinérxicos do proxecto”* sobre a saúde humana, a flora, a biodiversidade, a xeodiversidade, o subsolo, o clima, o cambio climático e o patrimonio cultural. **Estas omisións no Proxecto de trazado actual deberían supoñer o seu rexeitamento.**

OITAVA. O inventario de fauna do Proxecto de trazado actual é manifestamente incompleto

No apartado 10.2.3 “GRUPOS Y POBLACIONES FAUNÍSTICAS INVENTARIADOS EN LA ZONA”, a lista de aves, que procede do Estudo de Impacto Ambiental, é incompleta, ao non incluír as especies non nidificantes existentes na zona. Isto considérase fundamental, unha vez que puideran aparecer fóra da época de cría especies ameazadas. Ademais, falta analizar outros grupos faunísticos fundamentais, como moluscos e insectos, que presentan especies ameazadas incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas (como o molusco *Geomalacus maculosus* e o insecto *Oxygastra curtisii*; ver Decreto 88/2007, de 19 de abril e Decreto 167/2011, de 4 de agosto). A non inclusión destes grupos tanto no Estudo de Impacto Ambiental como no presente Proxecto de trazado actual (que toma dos datos do EsIA) fai que o apartado fauna está **manifestamente incompleto**. Máis aínda, a Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental (vixencia desde o 12 de decembro de 2013 e revisión vixente desde o 31 de marzo de 2022), no seu artigo 35 “Estudo de impacto ambiental” afírmase no punto 1c que o estudo debe abordar a *“Identificación, descrición, análise e, se procede, cuantificación dos posibles efectos significativos directos ou indirectos, secundarios, acumulativos e sinérxicos do proxecto sobre (...) a fauna”*. No Proxecto de trazado actual apenas se resumen as táboas de presenza dalgúns grupos de fauna, sen apenas análise e cunha incorrecta valoración dos efectos da obra sobre o grupo. Engadir que unha revisión bibliográfica somera, completada con varias visitas á área de trazado da Rolda Leste, permitiron a licenciados en Bioloxía e en Veterinaria, colexiados, constatar e documentar a presenza de dúcias de especies de fauna non mencionadas no Estudo de Impacto Ambiental nin no Proxecto de trazado actual, algunhas delas relativamente frecuentes e doadas de observar. Estes resultados preséntanse na ALEGACIÓN NOVENA (todas as especies alí citadas foron observadas na última década por colexiados dentro das envolventes de radio 500 m a partir dos trazados inicial e actual da Rolda Leste, agás se se indica outra distancia a esta; cf. coa lista que figura no Proxecto de trazado actual e no

Estudo de impacto ambiental), e mostran que o Proxecto de trazado actual baséase nun estudo faunístico manifestamente incompleto, sen incluír grupos que conteñen especies ameazadas, e sen unha valoración axeitada dos efectos da obra sobre estes, o que debería supoñer o rexeitamento do presente Proxecto de trazado actual.

NOVENA. A Rolda Leste contravén a lexislación ambiental vixente e supón a eliminación de especies ameazadas

De máis recente a máis antiga:

- CATÁLOGO ESPAÑOL DE ESPECIES AMEAZADAS (2011)

Contravén o Real Decreto 139/2011, de 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (LESRPE) e do Catálogo Español de Especies Ameazadas, unha vez que no trazado da Rolda Leste existen as seguintes especies incluídas no Real Decreto, dúas delas consideradas VULNERÁBEIS:

Grupo	Especie	Real Decreto 139/2011
Anfibios	<i>Chioglossa lusitanica</i>	Vulnerable
Insectos	<i>Oxygastra curtisii</i>	Vulnerable

Ademais, dentro da envolvente cun raio de 3 km a partires da área de trazado actual da Rolda Leste, detectáronse as seguintes especies consideradas “En Perigo de Extinción” polo devandito Real Decreto 139/2011:

Grupo	Especie	Real Decreto 139/2011	Nota
Aves	<i>Milvus milvus</i>	“En Perigo de Extinción”	Cita do 25.10.2020

Ademais, foron citadas no trazado proxectado da Rolda Leste as seguintes 88 especies incluídas no LESRPE:

Grupo	Especie	Real Decreto 139/2011
Anfibios	<i>Alytes obstetricans</i>	LESRPE
Anfibios	<i>Discoglossus galganoi</i>	LESRPE
Anfibios	<i>Hyla arborea (=H. molleri)</i>	LESRPE
Anfibios	<i>Rana iberica</i>	LESRPE
Anfibios	<i>Rana temporaria (=R. parvipalmata)</i>	LESRPE
Anfibios	<i>Triturus boscai (=Lissotriton boscai)</i>	LESRPE
Anfibios	<i>Triturus marmoratus</i>	LESRPE
Aves	<i>Accipiter gentilis</i>	LESRPE
Aves	<i>Accipiter nisus</i>	LESRPE
Aves	<i>Actitis hypoleucos</i>	LESRPE
Aves	<i>Aegithalos caudatus</i>	LESRPE
Aves	<i>Alcedo atthis</i>	LESRPE
Aves	<i>Anthus pratensis</i>	LESRPE
Aves	<i>Apus apus</i>	LESRPE
Aves	<i>Ardea cinerea</i>	LESRPE
Aves	<i>Athene noctua</i>	LESRPE
Aves	<i>Buteo buteo</i>	LESRPE
Aves	<i>Carduelis spinus (=Spinus spinus)</i>	LESRPE
Aves	<i>Certhia brachydactyla</i>	LESRPE
Aves	<i>Cettia cetti</i>	LESRPE

Aves	<i>Ciconia ciconia</i>	LESRPE
Aves	<i>Cinclus cinclus</i>	LESRPE
Aves	<i>Cyanistes caeruleus</i>	LESRPE
Aves	<i>Delichon urbicum</i>	LESRPE
Aves	<i>Dendrocopos major</i>	LESRPE
Aves	<i>Egretta garzetta</i>	LESRPE
Aves	<i>Emberiza cia</i>	LESRPE
Aves	<i>Emberiza cirulus</i>	LESRPE
Aves	<i>Erithacus rubecula</i>	LESRPE
Aves	<i>Falco peregrinus</i>	LESRPE
Aves	<i>Falco subbuteo</i>	LESRPE
Aves	<i>Ficedula hypoleuca</i>	LESRPE
Aves	<i>Fringilla coelebs</i>	LESRPE
Aves	<i>Fringilla montifringilla</i>	LESRPE
Aves	<i>Hippolais polyglotta</i>	LESRPE
Aves	<i>Hirundo rustica</i>	LESRPE
Aves	<i>Jynx torquilla</i>	LESRPE
Aves	<i>Lanius collurio</i>	LESRPE
Aves	<i>Lophophanes cristatus</i>	LESRPE
Aves	<i>Milvus migrans</i>	LESRPE
Aves	<i>Motacilla alba</i>	LESRPE
Aves	<i>Motacilla cinerea</i>	LESRPE
Aves	<i>Motacilla flava</i>	LESRPE
Aves	<i>Muscicapa striata</i>	LESRPE
Aves	<i>Oriolus oriolus</i>	LESRPE
Aves	<i>Parus major</i>	LESRPE
Aves	<i>Periparus ater</i>	LESRPE
Aves	<i>Pernis apivorus</i>	LESRPE
Aves	<i>Phoenicurus ochruros</i>	LESRPE
Aves	<i>Phylloscopus bonelli</i>	LESRPE
Aves	<i>Phylloscopus collybita</i>	LESRPE
Aves	<i>Phylloscopus ibericus</i>	LESRPE
Aves	<i>Phylloscopus trochilus</i>	LESRPE
Aves	<i>Picus viridis (=Picus sharpei)</i>	LESRPE
Aves	<i>Prunella modularis</i>	LESRPE
Aves	<i>Ptyonoprogne rupestris</i>	LESRPE
Aves	<i>Pyrrhula pyrrhula</i>	LESRPE
Aves	<i>Regulus ignicapillus</i>	LESRPE
Aves	<i>Riparia riparia</i>	LESRPE
Aves	<i>Saxicola rubetra</i>	LESRPE
Aves	<i>Saxicola torquata (=S. rubicola)</i>	LESRPE
Aves	<i>Sitta europaea</i>	LESRPE
Aves	<i>Strix aluco</i>	LESRPE
Aves	<i>Sylvia atricapilla</i>	LESRPE
Aves	<i>Sylvia borin</i>	LESRPE
Aves	<i>Sylvia communis (=Curruca communis)</i>	LESRPE
Aves	<i>Sylvia melanocephala (=Curruca melanocephala)</i>	LESRPE
Aves	<i>Tachybaptus ruficollis</i>	LESRPE
Aves	<i>Tringa ochropus</i>	LESRPE
Aves	<i>Troglodytes troglodytes</i>	LESRPE

Aves	<i>Tyto alba</i>	LESRPE
Insectos	<i>Coenagrion mercuriale</i>	LESRPE
Insectos	<i>Lucanus cervus</i>	LESRPE
Mamíferos	<i>Barbastella barbastellus</i>	LESRPE
Mamíferos	<i>Eptesicus serotinus</i>	LESRPE
Mamíferos	<i>Lutra lutra</i>	LESRPE
Mamíferos	<i>Nyctalus leisleri</i>	LESRPE
Mamíferos	<i>Pipistrellus pipistrellus</i>	LESRPE
Mamíferos	<i>Pipistrellus pygmaeus</i>	LESRPE
Mamíferos	<i>Rhinolophus hipposideros</i>	LESRPE
Moluscos	<i>Geomalacus maculosus</i>	LESRPE
Plantas	<i>Narcissus triandrus</i>	LESRPE
Réptiles	<i>Anguis fragilis</i>	LESRPE
Réptiles	<i>Coronella austriaca</i>	LESRPE
Réptiles	<i>Lacerta lepida (=Timon lepidus)</i>	LESRPE
Réptiles	<i>Lacerta schreiberi</i>	LESRPE
Réptiles	<i>Natrix maura</i>	LESRPE
Réptiles	<i>Natrix natrix</i>	LESRPE

A inclusión dunha especie no LESRPE supón, segundo o artigo 5, apartado 1, da devandita lei, ser “merecedoras dunha atención e protección particular en función do seu valor científico, ecolóxico, cultural, singularidade, rareza ou grao de ameaza, así como aquelas que figuran como protexidas nos anexos das directivas e os convenios internacionais ratificados por España. A inclusión de especies, subespecies e poboacións na Listaxe implicará a aplicación do contemplado nos artigos 54, 56 e 76 da Lei 42/2007, do 13 de decembro”. En efecto, a lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, especifica neses artigos o seguinte: “A Administración Xeral do Estado e as comunidades autónomas, (...) adoptarán as medidas necesarias para garantir a conservación da biodiversidade que vive en estado silvestre, atendendo preferentemente á preservación dos seus hábitats e establecendo réximes específicos de protección para aquelas especies silvestres cuxa situación así o requira” (artigo 54, apartado 1). O EIA da Rolda Leste non prevé ningunha medida para garantir tal conservación nin preservación de especies nin de hábitats. Ademais a construción da Rolda Leste supón un incumprimento no artigo 54, apartado 5, no que se di “Queda prohibido dar morte, danar, molestar ou inquietar intencionadamente aos animais silvestres, sexa cal for o método empregado ou a fase do seu ciclo biolóxico”, unha vez que as obras suporán a destrución do hábitat e as especies que alí habitan, especialmente moluscos de reducida mobilidade como *Geomalacus maculosus*.

- LEI DE AUGAS DE GALICIA (2010)

O Proxecto de trazado actual é incompatible coa Lei 9/2010, de 4 de novembro, de Aguas de Galicia, en concreto co estipulado no seu artigo 3, apartado 3: “*a) Alcanzar un uso racional e respectuoso co medio ambiente (...); b) Previr a deterioración do estado de todas as masas de auga, superficiais, subterráneas e das zonas protexidas (...); c) Reducir progresivamente a contaminación procedente das verteduras ou usos que prexudiquen a calidade das augas na fase superficial ou subterránea do ciclo hidrolóxico; d) Compatibilizar a xestión dos recursos naturais con salvagárdaa da calidade das masas de auga e dos ecosistemas acuáticos.*”. As obras da Rolda Leste suporán a vulneración destes obxectivos da lei, e a degradación dos ecosistemas acuáticos, nos que habitan especies ameazadas como:

Grupo	Especie	Catálogo (Figura ameazada)
Anfibios	<i>Chioglossa lusitanica</i>	Decreto 88/2007 e Real Decreto 139/2011 (Vulnerable)
Anfibios	<i>Hyla arborea (=H. molleri)</i>	Decreto 88/2007 (Vulnerable)
Anfibios	<i>Rana iberica</i>	Decreto 88/2007 (Vulnerable)
Anfibios	<i>Rana temporaria (=R.</i>	Decreto 88/2007 (Vulnerable)

	<i>parvipalmata</i>)	
Insectos	<i>Oxygastra curtisii</i>	Decreto 88/2007 e Real Decreto 139/2011 (Vulnerable)
Peixes	<i>Gasterosteus aculeatus</i>	Decreto 88/2007 (Vulnerable)

- DIRECTIVA DE AVES (2009)

Incumpre a Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres, ao afectar a Rolda Leste ás seguintes 30 especies:

Grupo	Especie	Apéndice Dir. 2009/147/CE
Aves	<i>Accipiter nisus</i>	Anexo I
Aves	<i>Alcedo atthis</i>	Anexo I
Aves	<i>Anas crecca</i>	Anexo II (A), Anexo III (B)
Aves	<i>Anas penelope</i> (=Mareca penelope)	Anexo II (A), Anexo III (B)
Aves	<i>Anas platyrhynchos</i>	Anexo II (A), Anexo III (A)
Aves	<i>Aythya fuligula</i>	Anexo II (A), Anexo III (A)
Aves	<i>Ciconia ciconia</i>	Anexo I
Aves	<i>Columba palumbus</i>	Anexo I, Anexo II (A), Anexo III (A)
Aves	<i>Corvus corone</i>	Anexo II (B)
Aves	<i>Corvus monedula</i>	Anexo II (B)
Aves	<i>Egretta garzetta</i>	Anexo I
Aves	<i>Falco peregrinus</i>	Anexo I
Aves	<i>Fulica atra</i>	Anexo II (A), Anexo III (B)
Aves	<i>Gallinago gallinago</i>	Anexo II (A), Anexo III (B)
Aves	<i>Gallinula chloropus</i>	Anexo II (B)
Aves	<i>Garrulus glandarius</i>	Anexo II (B)
Aves	<i>Hieraaetus pennatus</i>	Anexo I
Aves	<i>Lanius collurio</i>	Anexo I
Aves	<i>Milvus migrans</i>	Anexo I
Aves	<i>Pernis apivorus</i>	Anexo I
Aves	<i>Phalacrocorax carbo</i>	Anexo I
Aves	<i>Pica pica</i>	Anexo II (B)
Aves	<i>Rallus aquaticus</i>	Anexo II (B)
Aves	<i>Streptopelia decaocto</i>	Anexo II (B)
Aves	<i>Streptopelia turtur</i>	Anexo II (B)
Aves	<i>Troglodytes troglodytes</i>	Anexo I
Aves	<i>Turdus iliacus</i>	Anexo II (B)
Aves	<i>Turdus merula</i>	Anexo II (B)
Aves	<i>Turdus philomelos</i>	Anexo II (B)
Aves	<i>Turdus viscivorus</i>	Anexo II (B)

- CATÁLOGO GALEGO DE ESPECIES AMEAZADAS (2007 E 2011)

Supón un incumprimento no establecido no Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas, así como a súa actualización (Decreto 167/2011, de 4 de agosto), unha vez que no trazado actual da Rolda Leste detectáronse as seguintes 8 especies ameazadas, catalogadas como VULNERABLES:

Grupo	Especie	Anexo Decreto 88/2007
Anfibios	<i>Chioglossa lusitanica</i>	Anexo II (Vulnerable)
Anfibios	<i>Hyla arborea</i> (=H. molleri)	Anexo II (Vulnerable)

Anfibios	<i>Rana iberica</i>	Anexo II (Vulnerable)
Anfibios	<i>Rana temporaria (=R. parvipalmata)</i>	Anexo II (Vulnerable)
Insectos	<i>Oxygastra curtisii</i>	Anexo II (Vulnerable)
Mamíferos	<i>Rhinolophus hipposideros</i>	Anexo II (Vulnerable)
Moluscos	<i>Geomalacus maculosus</i>	Anexo II (Vulnerable)
Peixes	<i>Gasterosteus aculeatus</i>	Anexo II (Vulnerable)

Ademais, dentro da envolvente cun radio de 3 km a partires da área de trazado actual da Rolda Leste, detectáronse as seguintes 2 especies consideradas “En Perigo de Extinción” polo devandito Decreto 88/2007 do 19 de abril:

Grupo	Especie	Decreto 88/2007	Nota
Aves	<i>Milvus milvus</i>	Anexo I “En Perigo de Extinción”	Cita 25.10.2020
Moluscos	<i>Elona quimperiana</i>	Anexo I “En Perigo de Extinción”	Cita 2.2.2020

Estas especies non son listadas de xeito completo no Proxecto de trazado actual, nin se establecen medidas para protexer os seus hábitats.

Segundo o Título IV, artigo 10º (Efectos da catalogación), a inclusión destas especies no Catálogo galego de especies ameazadas supón a prohibición, “Tratándose de especies animais, incluídas as súas larvas, crías ou ovos, a de calquera actuación non autorizada feita co propósito de darlles morte, capturalos, perseguilos ou molestalos intencionadamente, e nos seus niños, tobeiras ou áreas de reprodución, invernada, muda, paso, repouso e alimentación, así como a destrución do seu hábitat”. As obras da Rolda Leste suporán a morte de centos destes animais ameazados, algo que debería supoñer a desestima do Proxecto.

- LEI DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO DE GALICIA (1995)

A nivel galego, a Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, establece que os municipios poden establecer medidas de protección do medio ambiente. No seu artigo 3, establécese como obxectivo da lei garantir a protección e mellora do medio ambiente, algo que se contravén coa destrución dos hábitats naturais e das especies da contorna do río Rato. A devandita lei persegue compatibilizar o proceso de desenvolvemento da urbanización coa racional utilización dos recursos naturais, algo que o trazado da Rolda Leste contravén.

- DIRECTIVA HÁBITATS (1992)

Incumpre a Directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, que se traduce no ordeamento xurídico español nos anexos I, II e V da Lei 42/2007, de 13 de decembro, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade. Esta Directiva é contravida polo trazado da Rolda Leste, ao afectar esta directamente aos seguintes 3 hábitats catalogados:

Prioritario	Hábitat	Código	Dir.
Non	<i>Uceiras secas europeas</i>	4030	
Non	<i>Carballeiras galaico-portuguesas con Quercus robur e Quercus pyrenaica</i>	9230	
Si	<i>Bosques aluviais de Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior. (Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae)</i>	91E0	

E tamén ás seguintes 21 especies catalogadas:

Grupo	Especie	Apéndice Dir. 92/43/CEE
Anfibios	<i>Alytes obstetricans</i>	Anexo IV
Anfibios	<i>Chioglossa lusitanica</i>	Anexo II, IV
Anfibios	<i>Discoglossus galganoi</i>	Anexo II, IV
Anfibios	<i>Hyla arborea</i> (=H. mollerii)	Anexo II, IV
Anfibios	<i>Rana iberica</i>	Anexo IV
Anfibios	<i>Rana temporaria</i> (=R. parvipalmata)	Anexo V
Insectos	<i>Coenagrion mercuriale</i>	Anexo II
Insectos	<i>Lucanus cervus</i>	Anexo II
Liques	<i>Cladonia pyxidata</i>	(Anexo V)
Mamíferos	<i>Barbastella barbastellus</i>	Anexo II
Mamíferos	<i>Eptesicus serotinus</i>	(Anexo IV)
Mamíferos	<i>Genetta genetta</i>	Anexo V
Mamíferos	<i>Lutra lutra</i>	Anexo II, Anexo IV
Mamíferos	<i>Pipistrellus pipistrellus</i>	(Anexo IV)
Mamíferos	<i>Pipistrellus pygmaeus</i>	(Anexo IV)
Mamíferos	<i>Rhinolophus hipposideros</i>	Anexo II, Anexo IV
Peixes	<i>Gasterosteus aculeatus</i>	Anexo II
Plantas	<i>Narcissus triandrus</i>	Anexo II, Anexo IV
Plantas	<i>Ruscus aculeatus</i>	Anexo V
Réptiles	<i>Coronella austriaca</i>	Anexo VI
Réptiles	<i>Lacerta schreiberi</i>	Anexo II, Anexo IV
Réptiles	<i>Vipera seoanei</i>	(Anexo VI)

- CONVENIO DE BERNA (1979)

Contravén o Convenio sobre a conservación da vida salvaxe e hábitats naturais europeos, denominado Convenio de Berna, de 19 de setembro de 1979, tratado que pretende asegurar a conservación da fauna e flora salvaxe e os seus hábitats. A Rolda Leste supón a afectación ás seguintes 107 especies incluídas no Convenio de Berna:

Grupo	Especie	Apéndice Conv. de Berna
Aves	<i>Accipiter gentilis</i>	Apéndice III
Aves	<i>Accipiter nisus</i>	Apéndice III
Aves	<i>Acrocephalus scirpaceus</i>	Apéndice III
Aves	<i>Actitis hypoleucos</i>	Apéndice III
Aves	<i>Aegithalos caudatus</i>	Apéndice III
Aves	<i>Alcedo atthis</i>	Apéndice III
Aves	<i>Anas crecca</i>	Apéndice III
Aves	<i>Anas penelope</i> (=Mareca penelope)	Apéndice III
Aves	<i>Anas platyrhynchos</i>	Apéndice III
Aves	<i>Anthus pratensis</i>	Apéndice III
Aves	<i>Apus apus</i>	Apéndice III
Aves	<i>Ardea cinerea</i>	Apéndice III
Aves	<i>Athene noctua</i>	Apéndice III
Aves	<i>Aythya fuligula</i>	Apéndice III
Aves	<i>Bubulcus ibis</i>	Apéndice III
Aves	<i>Buteo buteo</i>	Apéndice III
Aves	<i>Carduelis cannabina</i> (=Linaria cannabina)	Apéndice III

Aves	<i>Carduelis carduelis</i>	Apéndice III
Aves	<i>Carduelis chloris</i> (=Chloris chloris)	Apéndice III
Aves	<i>Carduelis spinus</i> (=Spinus spinus)	Apéndice III
Aves	<i>Certhia brachydactyla</i>	Apéndice III
Aves	<i>Cettia cetti</i>	Apéndice III
Aves	<i>Ciconia ciconia</i>	Apéndice III
Aves	<i>Cinclus cinclus</i>	Apéndice III
Aves	<i>Columba livia</i>	Apéndice III
Aves	<i>Corvus corax</i>	Apéndice III
Aves	<i>Cuculus canorus</i>	Apéndice III
Aves	<i>Cyanistes caeruleus</i>	Apéndice III
Aves	<i>Delichon urbicum</i>	Apéndice III
Aves	<i>Dendrocopos major</i>	Apéndice III
Aves	<i>Egretta garzetta</i>	Apéndice III
Aves	<i>Emberiza cia</i>	Apéndice III
Aves	<i>Emberiza cirrus</i>	Apéndice III
Aves	<i>Erithacus rubecula</i>	Apéndice III
Aves	<i>Falco peregrinus</i>	Apéndice III
Aves	<i>Falco subbuteo</i>	Apéndice III
Aves	<i>Ficedula hypoleuca</i>	Apéndice III
Aves	<i>Fringilla coelebs</i>	Apéndice III
Aves	<i>Fringilla montifringilla</i>	Apéndice III
Aves	<i>Fulica atra</i>	Apéndice III
Aves	<i>Gallinago gallinago</i>	Apéndice III
Aves	<i>Gallinula chloropus</i>	Apéndice III
Aves	<i>Hieraaetus pennatus</i>	Apéndice III
Aves	<i>Hippolais polyglotta</i>	Apéndice III
Aves	<i>Hirundo rustica</i>	Apéndice III
Aves	<i>Jynx torquilla</i>	Apéndice III
Aves	<i>Lanius collurio</i>	Apéndice III
Aves	<i>Lophophanes cristatus</i>	Apéndice III
Aves	<i>Milvus migrans</i>	Apéndice III
Aves	<i>Motacilla alba</i>	Apéndice III
Aves	<i>Motacilla cinerea</i>	Apéndice III
Aves	<i>Motacilla flava</i>	Apéndice III
Aves	<i>Muscicapa striata</i>	Apéndice III
Aves	<i>Oriolus oriolus</i>	Apéndice III
Aves	<i>Parus major</i>	Apéndice III
Aves	<i>Periparus ater</i>	Apéndice III
Aves	<i>Pernis apivorus</i>	Apéndice III
Aves	<i>Phalacrocorax carbo</i>	Apéndice III
Aves	<i>Phoenicurus ochrurus</i>	Apéndice III
Aves	<i>Phylloscopus bonelli</i>	Apéndice III
Aves	<i>Phylloscopus collybita</i>	Apéndice III
Aves	<i>Phylloscopus ibericus</i>	Apéndice III
Aves	<i>Phylloscopus trochilus</i>	Apéndice III
Aves	<i>Picus viridis</i> (=P. sharpei)	Apéndice III
Aves	<i>Prunella modularis</i>	Apéndice III
Aves	<i>Ptyonoprogne rupestris</i>	Apéndice III
Aves	<i>Pyrrhula pyrrhula</i>	Apéndice III

Aves	<i>Rallus aquaticus</i>	Apéndice III
Aves	<i>Regulus ignicapilla</i>	Apéndice III
Aves	<i>Riparia riparia</i>	Apéndice III
Aves	<i>Saxicola rubetra</i>	Apéndice III
Aves	<i>Saxicola torquata</i> (=S. <i>rubicola</i>)	Apéndice III
Aves	<i>Serinus serinus</i>	Apéndice III
Aves	<i>Sitta europaea</i>	Apéndice III
Aves	<i>Streptopelia decaocto</i>	Apéndice III
Aves	<i>Streptopelia turtur</i>	Apéndice III
Aves	<i>Strix aluco</i>	Apéndice III
Aves	<i>Sturnus unicolor</i>	Apéndice III
Aves	<i>Sylvia atricapilla</i>	Apéndice III
Aves	<i>Sylvia borin</i>	Apéndice III
Aves	<i>Sylvia communis</i> (=Curruca <i>communis</i>)	Apéndice III
Aves	<i>Sylvia melanocephala</i> (=Curruca <i>melanocephala</i>)	Apéndice III
Aves	<i>Tachybaptus ruficollis</i>	Apéndice II
Aves	<i>Tringa ochropus</i>	Apéndice III
Aves	<i>Troglodytes troglodytes</i>	Apéndice III
Aves	<i>Turdus iliacus</i>	Apéndice III
Aves	<i>Turdus merula</i>	Apéndice III
Aves	<i>Turdus philomelos</i>	Apéndice III
Aves	<i>Turdus viscivorus</i>	Apéndice III
Aves	<i>Tyto alba</i>	Apéndice III
Anfibios	<i>Alytes obstetricans</i>	Apéndice II
Anfibios	<i>Chioglossa lusitanica</i>	Apéndice II
Anfibios	<i>Discoglossus galganoi</i>	Apéndice II
Anfibios	<i>Rana iberica</i>	Apéndice II
Anfibios	<i>Rana temporaria</i> (=R. <i>parvipalmata</i>)	Apéndice II
Anfibios	<i>Salamandra salamandra</i>	Apéndice II
Insectos	<i>Coenagrion mercuriale</i>	Apéndice II
Insectos	<i>Lucanus cervus</i>	Apéndice III
Réptiles	<i>Coronella austriaca</i>	Apéndice II
Réptiles	<i>Lacerta schreiberi</i>	Apéndice II
Mamíferos	<i>Barbastella barbastellus</i>	Apéndice III
Mamíferos	<i>Erinaceus europaeus</i>	Apéndice III
Mamíferos	<i>Lutra lutra</i>	Apéndice II
Mamíferos	<i>Meles meles</i>	Apéndice III
Mamíferos	<i>Mustela nivalis</i>	Apéndice III
Mamíferos	<i>Pipistrellus pipistrellus</i>	Apéndice III
Mamíferos	<i>Sciurus vulgaris</i>	Apéndice III

- CONVENIO DE BONN (1979)

Incumpe a Convención sobre a Conservación das Especies Migratorias de Animais Silvestres, feito en Bonn o 23 de xuño de 1979, e coñecido como Convenio de Bonn, unha vez que a Rolda Leste afecta a 20 especies catalogadas nesta Convención:

Grupo	Especie	Apéndice Convenio de Bonn
Aves	<i>Accipiter gentilis</i>	Apéndice II (1979)

Aves	<i>Accipiter nisus</i>	Apéndice II (1979)
Aves	<i>Actitis hypoleucos</i>	Apéndice II (1979)
Aves	<i>Anas crecca</i>	Apéndice II (1979)
Aves	<i>Anas penelope (=Mareca penelope)</i>	Apéndice II (1979)
Aves	<i>Anas platyrhynchos</i>	Apéndice II (1979)
Aves	<i>Buteo buteo</i>	Apéndice II (1979)
Aves	<i>Ciconia ciconia</i>	Apéndice II (1979)
Aves	<i>Falco peregrinus</i>	Apéndice II (1979)
Aves	<i>Falco subbuteo</i>	Apéndice II (1979)
Aves	<i>Gallinago gallinago</i>	Apéndice II (1979)
Aves	<i>Garrulus glandarius</i>	Apéndice III
Aves	<i>Milvus migrans</i>	Apéndice II (1979)
Aves	<i>Pernis apivorus</i>	Apéndice II (1979)
Aves	<i>Tringa ochropus</i>	Apéndice II (1979)
Mamíferos	<i>Barbastella barbastellus</i>	Apéndice II (1985)
Mamíferos	<i>Eptesicus serotinus</i>	Apéndice II (1985)
Mamíferos	<i>Pipistrellus pipistrellus</i>	Apéndice II (1985)
Mamíferos	<i>Pipistrellus pygmaeus</i>	Apéndice II (1985)
Mamíferos	<i>Rhinolophus hipposideros</i>	Apéndice II (1985)

- CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA (1978)

Por último, a destrución do chamado “Pulmón Verde de Lugo” polo trazado da denominada Rolda Leste incumpre mesmo a Constitución Española de 1978, que no seu artigo 45 (no título I, capítulo terceiro), especifica que “todos teñen o dereito para gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo”.

DÉCIMA Falta un estudo hidrolóxico que avalíe o risco de inundación

Dende que se formulou a Declaración de impacto ambiental, a lexislación de augas ten sido actualizada e adaptada segundo as esixencias das novas directivas europeas e avances ambientais e científico-técnicos; como é o caso dalgunhas das que se expoñen a continuación:

- As modificacións ó longo destes 19 anos do Regulamento de Dominio Público Hidráulico – RDPH- (Real Decreto 849/1986), que desenvolve as disposicións regulamentarias necesarias para o cumprimento da lei de augas, e máis concretamente, as materias que se refiren á definición, utilización e protección do Dominio Público Hidráulico, así como as que atanen ás inundacións e á protección de bens e persoas.
- A Directiva de inundacións (2007/60/CE) e a súa transposición ó Real Decreto 903/2010, do 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundacións, onde se crea o Sistema Nacional de Cartografía de Zonas Inundables, instrumento que a xestión do espazo fluvial, prevención de riscos e a planificación territorial e como tal, é necesario incorporar esta información ós diferentes plans municipais e ás novas infraestruturas que se van a desenrolar (amósase na figura 2 diferentes capas deste visor).
- Os tres ciclos de planificación hidrolóxica aprobados despois da Directiva Marco da Auga (Directiva 2000/60/CE), e que responden ós requirimentos desta Directiva.

A lei de augas non permite a degradación nin a afección dos ríos nin as súas zonas de protección.

- A autovía cruza, ademais do río Rato, varios regatos necesarios, como o Rego de Samai, que aportan sedimentos e biodiversidade ó río Rato que incumpre o bo estado segundo se indica

no Plan Hidrolóxico do Miño-Sil 2022-2027 (PHM-S) do 3º Ciclo de Planificación (Real Decreto 35/2023). A masa de auga río Fervedoira (ou río Rato) (código ES390MAR000190) presenta un estado ecolóxico DEFICIENTE.

Segundo a ficha presente nas páxinas 217-218 do ANEXO 8 do PHM-S: No segundo ciclo de planificación prevíase alcanzar os Obxectivos Ambientais (OMA's) do bo potencial ecolóxico en 2021 e os do bo estado químico en 2015. Para este 3º Ciclo: Alcanzar o bo potencial ecolóxico en 2027 e manter o bo estado químico. As actuacións que se pretenden porán en perigo estes OMA's. Ademais de degradarse o río Rato degradaranse varios regatos existentes, ou o caso do Rego Samai que desaparecerá. Tendo en conta, ademais, que con este proxecto eliminaríase unha grande superficie de masa arbórea que fai de filtro e sustento para a bioloxía por un lado; polo outro habería unha entrada de maiores contaminantes pola carga contaminante dos combustibles fósiles, resultando afectada a calidade química, fisicoquímica e a hidromorfolóxica no Rego Samai e no Río Rato.

O artigo 92 bis do Texto Refundido da lei de Augas di o seguinte en canto as OMAS's e a degradación dos ríos:


Artículo 92 bis. Objetivos medioambientales.

1. Para conseguir una adecuada protección de las aguas, se deberán alcanzar los siguientes objetivos medioambientales (para las aguas superficiales)

a') Prevenir el deterioro del estado de las masas de agua superficiales.

b') Proteger, mejorar y regenerar todas las masas de agua superficial con el objeto de alcanzar un buen estado de las mismas.

- Preténdese a construción dun terraplén de 24 m sobre o Rego Samai. Este é un río grafado no Plan Básico Autonómico e coa Zona de Policía delimitada no mesmo, polo tanto, ten definidas unha serie de usos permitidos e non permitidos na súa zona de protección, que se expoñen no RDPH. Ademais, conta tamén coa protección por ser Dominio Publico Hidráulico (DPH). A continuación se amosa a imaxe do Rego coa infraestrutura sobreposta.



Nos Artigos 6 e 9 do RDPH especificase claramente esta protección:

Artigo 6.

1. Se entiende por riberas las fajas laterales de los cauces públicos situadas por encima del nivel de aguas bajas y por márgenes los terrenos que lindan con los cauces.

2. La protección del dominio público hidráulico tiene como objetivos fundamentales los enumerados en el artículo 92 del texto refundido de la Ley de Aguas. Sin perjuicio de las técnicas específicas dedicadas al cumplimiento de dichos objetivos, las márgenes de los terrenos que lindan con dichos cauces están sujetas en toda su extensión longitudinal:

a) A una zona de servidumbre de cinco metros de anchura para uso público, que se regula en este reglamento.

b) A una zona de policía de cien metros de anchura, en la que se condicionará el uso del suelo y las actividades que en él se desarrollen.

Artigo 9:

3. La regulación de dichas zonas tiene como finalidad la consecución de los objetivos de preservar el estado del dominio público hidráulico, prevenir el deterioro de los ecosistemas acuáticos, contribuyendo a su mejora, y proteger el régimen de las corrientes en avenidas, favoreciendo la función de los terrenos colindantes con los cauces en la laminación de caudales y carga sólida transportada.

1. En la zona de policía de 100 metros de anchura medidos horizontalmente a partir del cauce quedan sometidos a lo dispuesto en este Reglamento las siguientes actividades y usos del suelo:

a) Las alteraciones sustanciales del relieve natural del terreno.

b) Las extracciones de áridos.

c) Las construcciones de todo tipo, tengan carácter definitivo o provisional.

d) Cualquier otro uso o actividad que suponga un obstáculo para la corriente en régimen de avenidas o que pueda ser causa de degradación o deterioro del estado de la masa de agua, del ecosistema acuático, y en general, del dominio público hidráulico.

Tal e como se pode ver na anterior imaxe que é do visor da Xunta do plan Básico Autonómico, a infraestrutura que se pretende construír impacta en varios puntos na zona de policía do Río Rato e do Rego Samai, ademais de destruír case por completo este último, algo que a lei de augas non o permite. No artigo 126 ter do Regulamento de Dominio Público Hidráulico explícase que “*Como criterio general no será autorizable la realización de cubrimientos de los cauces ni la alteración de su trazado*”, e isto ocorre en diversos cauces que cruza a vía, pero a actuación máis grave atañe ó Rego Samai, sobre o que se quere construír un terraplén.

Non existe unha avaliación técnica nin obxectiva sobre a repercusión que terá esta infraestrutura nas inundacións na zona do Río Rato

O novo proxecto contempla un viaduto sobre o río Rato, para a súa conexión na rotonda da Tolda. Este área é unha zona vulnerable ás inundacións estudada xa polo organismo de bacía (Confederación Hidrográfica do Miño Sil) e os resultados están expostos no visor oficial de Zonas Inundables do MAPAMA¹. Esta zona é así debido a que moi preto se unen dous ríos nunha chaira de inundación (chaira moitas veces modificada para a creación de diversas infraestruturas impermeabilizadas, pontes, terrapléns... véxase na zona a Avenida de Madrid ou a N VI) e a topografía se modifica poucos


1 <https://sig.mapama.gob.es/snczi/index.html?herramienta=DPHZI>

metros despois para dar paso a pendentes pronunciadas polas que acceder, a Bosende, a San Fiz, Barreiros e á continuación da Avenida de Madrid. Polo tanto, talar máis carballeiras e seguir impermeabilizando a zona non fai máis que aumenta-la vulnerabilidade ás inundacións dun xeito exponencial.

As carballeiras, como ecosistemas forestais que son, teñen unha gran capacidade para mitigar inundacións, debido a que a cobertura vexetal intercepta parte da choiva e a que o chan destas ten unha gran capacidade de infiltración e retención. Ademais, os casos de choivas intensas aumentarán no escenario de cambio climático no que nos atopamos, xa que está demostrado cientificamente que os eventos extremos serán cada vez máis severos ou daranse cunha maior probabilidade de ocorrencia.


A Directiva 2007/60/CE relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación, foi trasposta mediante o Real Decreto 903/2010 do 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación, que ten como principais obxectivos obter un adecuado coñecemento e avaliación dos riscos asociados ás inundacións. Neste real decreto créase o Sistema Nacional de Cartografía de Zonas Inundables (SNCZI), Sistema informático que almacena o conxunto de estudos de inundabilidade realizados polo Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e os seus organismos de bacía, xunto a aqueles que acheguen as comunidades autónomas e as administracións locais.

Segundo o artigo 18 do RD 903/2010, a Administración Xeral do Estado, as comunidades autónomas e as administracións locais terán en conta o contido da avaliación preliminar do risco de inundación, dos mapas de perigo e de risco de inundación e dos plans de xestión do risco de inundación no exercicio das súas respectivas competencias, co fin de garantir a seguridade das persoas e bens. A continuación se amosa unhas imaxes das inundacións de T=100 e T=500 e da zona de fluxo preferente superposta coa infraestrutura.




Centrados neste aspecto, o proxecto que se presenta para as alegacións non lle da importancia ningunha ó grave problema que presenta esta zona coas inundacións, simplemente se menciona en dous apartados que non hai afección ás inundacións. Nun primeiro e pequeno apartado amósase unha foto da cartografía do visor de SNCZI sen nen tan sequera superpoñe-la ponte sobre o río (páxina 13) facendo unha mera extrapolación que se repite no Anexo 12 de drenaxe. **Non se fixo ningunha avaliación ó respecto, nin se tivo en conta os estudos existentes para esa avaliación.** As pilastras do viaduto estarán sobre o río Rato, modificando a dirección do fluxo, e polo tanto, afectando ao perigo de inundacións. Nesta páxina 13, apartado de “4.3.2 RED HIDROGRÁFICA” afirman que “La CHMS ha delimitado las zonas de inundación asociadas al Miño y el Fervedoira en la zona de cruce. El viaducto salva íntegramente la zona inundable para Q500 y discurre a una cota superior, pues cruza a 10 metros sobre la carretera de la Diputación, que de acuerdo a la cartografía oficial, no es inundable.” Pero **non**

existe ningún estudio hidrológico que confirme esta afirmación, e menos coa extensión nin a altura da lámina de auga á que poden chegar as inundacións considerando os pilastres da ponte, xa que estas caen no río tal e como se amosa nas seguintes imaxes expostas no proxecto (páxina 391). Hai que recalcar que aí se amosa o “río”, coa imperfección que implica esta palabra, xa que debería de amosarse a lo menos a máxima crecida ordinaria (MCO) que non aparece nesta imaxe, para coñecer ata onde chega o DPH:



O artigo 126 ter do Regramento de Planificación Hidrolóxica determina a altura máxima da lámina de auga que se pode permitir de sobreelevación durante as simulacións hidráulicas, e para contrastar isto é necesaria un estudio de simulación hidrolóxicas que non se incluíu no proxecto.

Así mesmo, non se contrastou de que xeito intercepta coa zona de fluxo preferente (artigo 9.2 do RDPH), zona definida para a protección das persoas e dons bens ante as inundación que aparece grafada no Plan Básico Autonómico, e se superpón na seguinte imaxe coa Rolda Leste:



No proxecto o único que se fixo foi presentar unha imaxe da mesma na páxina 659 , e do mesmo xeito que acontece para as inundacións de T=100 e T=500, estiman por riba que non haberá afección, sen facer un estudo hidráulico detallado para contrastar se vai a ser así realmente. Segundo o artigo 126 ter do RDPH afirma que *“el diseño de los puentes, pasarelas y obras de drenaje transversal en las autopistas, autovías, vías rápidas y nuevas carreteras convencionales y de la red ferroviaria, así como de aquellas otras vías de comunicación que den acceso a instalaciones y servicios básicos para la planificación de protección civil, se realizará de forma que no se ocupe la vía de intenso desagüe con terraplenes o estribos de la estructura de paso y no se produzcan alteraciones significativas de la zona de flujo preferente (...)”*, e **os pilastres da ponte si que afectan a esta zona, e ignórase o grado da alteración por falta de estudos e avaliación dos mesmos.**

Polo tanto, queda patente o descoñecemento do impacto que pode ter esta construción sobre esta zona vulnerable ás inundacións, porque se obviou algo tan importante coma a seguridade das persoas e os bens ante as inundacións, eventos extremos que aumentarán de frecuencia e de magnitude có tempo. **Non existe ningún estudo de simulacións de inundacións no proxecto, e polo tanto, esta infraestrutura que se pretende, poderá aumentar a exposición a inundacións de persoas e bens.**

UNDÉCIMA. Afección severa ao Patrimonio Cultural e etnográfico

Este proxecto suporía a destrución do val do río Rato e da calidade paisaxística tal e como hoxe a coñecemos. A meirande parte dos camiños tradicionais que conectan os núcleos de Barbaín e Bosende quedarían anulados e substituídos nalgúns casos, non en todos, por pasos e vías de servizo paralelas ao trazado da vía, o que destruíría totalmente a utilidade e historia destes camiños tradicionais. Entre os camiños afectados tamén están a Vía Romana XIX así como a Vía König ao seu paso por Lugo,

Asociados aos camiños tradicionais están os muros de pedra seca. Os muros de pedra conforman a paisaxe histórica da Galiza. Son elementos patrimoniais que contribúen a crear hábitats e aumentar a diversidade biolóxica. Simbolizan a conexión natural co medio porque a técnica construtiva depende fortemente da contorna, do tipo e da forma de pedra dispoñíbel. Os valados representan na paisaxe as formas de vida tradicionais, séculos de agricultura e gandería que constitúen unha reserva natural lineal.


O 28 de novembro de 2018, a arte tradicional de construír muros en pedra seca en zonas rurais foi incluída pola Unesco na súa Listaxe Representativa do Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade, candidatura na que tamén estaba representada Galiza. O motivo polo que o Comité de Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial da Unesco considerou engadir a técnica construtiva como Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade, foi que "os muros de pedra seca desempeñan un papel esencial na prevención de correntes de terras, inundacións e avalanchas". Así mesmo, no seu comunicado a UNESCO apuntaba que estas estruturas son "un exemplo da relación equilibrada entre o ser humano e a natureza" ao que engaden a súa axuda na prevención de desastres naturais e contribución na loita contra a erosión e a desertificación así como a mellora da biodiversidade e a xeración de condicións acaídas para a agricultura. O mantemento destes agrosistemas forma parte dunha perspectiva global cara a transición a un desenvolvemento sostíbel. O bo estado do rural implica un avance global en relación ao desenvolvemento e benestar social.

O valor do patrimonio afectado pola construción da Rolda Leste é incalculábel, pois a técnica de construción a xunta seca, é un arte case extinto. Este proxecto supón a destrución do patrimonio cultural e etnográfico catalogado como Patrimonio inmaterial da Humanidade, sen que no proxecto se faga mención algunha.

No proxecto a exposición pública non se fai referencia a estes elementos patrimoniais, unicamente se tiveron en consideración dende un punto de vista económico en canto ás expropiacións, pero non figura no proxecto nin a cantidade de muros afectados, nin a lonxitude total. É por iso que despois de facer un traballo de campo, determinouse que máis dunha centea de muros de pedra seca, o que supón

un total de máis de 5 Km de lonxitude quedarían eliminados por mor da Rolda Leste, xunto con outros elementos que servían para protexerse da choiva.

Unha grande parte dos muros inventariados, son funcionais, ben servindo como límite de propiedade das parcelas, para evitar o paso do gando ou ben como contedores do terreo, dado que o emprazamento presenta un gran desnivel nalgúns puntos.



DÉCIMO TERCEIRA. O proxecto carece de garantía social

Os núcleos de Bosende e Barbaín serían zona de sacrificio, quedarían reclusos entre dúas vías de alta capacidade, con apertura de pistas innecesarias, destrución de vías de comunicación existentes, da identidade, da etnografía e da paisaxe.

As veciñas do barrio da Tolda quedarían totalmente afectadas pola multitude de nós de conexión de todas as infraestruturas de alta capacidade que chegan.

Nestes núcleos verían altamente mermada a calidade de vida, co consecuente aumento da polución, e da concentración dos contaminantes atmosféricos debido á concentración do tráfico, e a eliminación das barreiras naturais, como son as masas boscosas.

A participación pública no procedemento limitouse a presentar alegacións no prazo dun mes, sen que a poboación, tanto dos núcleos directamente afectados como do resto do concello, puidera participar no proceso de avaliación da necesidade do proxecto, como en último caso do deseño. Sendo así, que no tempo en que se elaboraron estas alegacións case 3000 persoas asinaron en contra deste proxecto (pódese acceder á campaña de Change a través da ligazón: <https://chng.it/NXtrjTbVL6>).

DÉCIMO CUARTA. Pola incompatibilidade co Plan de Acción da Reserva da Biosfera Terras do Miño

Este proxecto pon en risco as liñas do Plan de acción da Reserva da Biosfera Terras do Miño, nomeadamente a conservación do patrimonio natural e dos recursos patrimoniais. A zona onde está proxectada esta vía de alta capacidade, tal e como se indicou nos puntos anteriores, é a intromisión do rural na cidade e viceversa a través da rede de camiños históricos co seu patrimonio asociado, que con esta vía deixarían de ser funcionais.

Alén da rede de camiños históricos, incluídos a Vía XIX e a Vía König, fortemente afectados pola Rolda Leste, o val do Rato está conformado por grandes masas de arborado autóctono maduro, cunha grande función biolóxica. A construción desta vía arrasaría esta zona con grande importancia ambiental que temos na cidade de Lugo, única capital de provincia da Península Ibérica que ten o privilexio de estar dentro dunha Reserva da Biosfera.

Tanto no proxecto inicial como o proxecto actual obvian que o trazado afecta á Reserva da Biosfera Terras do Miño.

DÉCIMO QUINTA. O proxecto da Rolda Leste é anticuado e vai en contra aos compromisos locais, autonómicos, estatais e internacionais de desenvolvemento sustentábel

O proxecto vai en contra das tendencias actuais de mobilidade, que perseguen darlle máis espazo ao peón e a outros métodos de desprazamento máis sustentábel, contra todas as premisas propostas no Plan de Acción Lugo Cidade Verde, na Axenda 2030.

Hai unha falta de aliñamento do proxecto cos compromisos vinculados á normativa internacional vixente adquiridos a nivel estatal e autonómico nomeadamente os obxectivos de desenvolvemento sostible, e a Axenda territorial 2030 da Unión Europea.

Os **Obxectivos do Desenvolvemento Sostíbel**, particularmente no referido ó *Obxectivo 11: Cidades e Comunidades Sostíbeis*, e as súas metas **11.6** (*Redución do impacto ambiental negativo per cápita das cidades*) e **11.7** (*Proporcionar acceso universal a zonas verdes e espazos públicos seguros, inclusivos e accesibles, en particular para as mulleres e os nenos, as persoas de idade e as persoas con discapacidade*) e *Obxectivo 15: Vida de Ecosistemas Terrestres*, especificamente na súa meta **15.1** (*velar pola conservación, o restablecemento e o uso sostible dos ecosistemas terrestres e os ecosistemas interiores de*

auga doce e os servizos que proporcionan). Polas razóns aducidas nos puntos previos, pode considerarse que o impacto ambiental negativo non está correctamente avaliado, e que o acceso a zonas verdes non está garantido de forma inclusiva, impedindo o acceso ós servizos ecosistémicos proporcionados polas infraestruturas verdes. Lembrar ademais que os compromisos cos ODS foron asumidos a nivel estatal a través da “*Estrategia de Desarrollo Sostenible 2030*”, e que dentro da mesma, figura a “*Estrategia Nacional de la Infraestructura Verde, Conectividad y Restauración Ecológica*” (con determinacións vinculantes xa mencionadas) como incluída dentro das prioridades de actuación ligadas á “*Política Aceleradora 2: Un país que respete los límites del planeta*”

A **Axenda Territorial 2030 da Unión Europea**, que establece entre as súas prioridades a de “(...) *apoiar o desenvolvemento de solucións baseadas na natureza, así coma as redes de infraestruturas verdes e azuis que vinculen ecosistemas e espazos protexidos na ordenación do territorio, a xestión de terras e outras políticas (...)*” [Parágrafo 55]; establecendo tamén que “(...) *Invitamos ós responsables da ordenación do territorio e a planificación do transporte a que estuden novos modelos progresivos dende o punto de vista social e ambiental para a mobilidade local e rexional como servizo, e a que cooperen no ámbito da accesibilidade multimodal e respectuosa co medio ambiente dos centros urbanos e dentro deles (...)*” [Parágrafo 63]. Polas razóns expostas en puntos anteriores, pode considerarse que o proxecto afecta directamente ó desenvolvemento das infraestruturas verdes e azuis (consideradas como tales na Estratexia Galega de Infraestrutura Verde), e que a súa posta en marcha está lonxe de ser un modelo progresivo dende o punto de vista social (tendo en conta a resposta veciñal local) e ambiental.

Segundo a Nova Axenda urbana hábitat III aprobada na Conferencia das Nacións Unidas sobre a vivenda e o desenvolvemento urbano sostíbel que tivo lugar na cidade de Quito, Ecuador en outubro do ano 2016, a asemblea xeral das Nacións Unidas referendou a Nova Axenda Urbana na sua sexaxésima oitava sesión plenaria do seu septuaxésimo primeiro período de sesións o 23 de decembro de 2016:

*65. Nos comprometemos a facilitar la **ordenación sostenible de los recursos naturales en las ciudades y los asentamientos humanos de una forma que proteja y mejore los ecosistemas urbanos y los servicios ambientales**, reduzca las emisiones de gases de efecto invernadero y la contaminación del aire y promueva la reducción y la gestión del riesgo de desastres, mediante el apoyo a la preparación de estrategias de reducción del riesgo de desastres y evaluaciones periódicas de los riesgos de desastres ocasionados por peligros naturales y antropogénicos, por ejemplo con categorías para los niveles de riesgo, al tiempo que se fomenta el desarrollo económico sostenible y se protege a todas las personas, su bienestar y su calidad de vida **mediante infraestructuras, servicios básicos y planificaciones urbanas y territoriales racionales desde el punto de vista ambiental**.*

*68. Nos comprometemos a prestar especial atención a las zonas urbanas donde existen deltas fluviales, costas y otras **áreas especialmente vulnerables desde el punto de vista ambiental**, poniendo de relieve su importancia como proveedores de ecosistemas que proporcionan importantes recursos para el transporte, la seguridad alimentaria, la prosperidad económica, los servicios de los ecosistemas y la resiliencia. **Nos comprometemos a integrar las medidas necesarias en la planificación y el desarrollo urbanísticos y territoriales sostenibles.***

69. Nos comprometemos a preservar y promover la función social y ecológica de las tierras, incluidas las zonas costeras que dan apoyo a las ciudades y los asentamientos humanos, y a fomentar soluciones basadas en los ecosistemas para garantizar pautas de consumo y producción sostenibles, a fin de que no se sobrepase la capacidad regenerativa de los ecosistemas. Nos comprometemos también a promover el uso sostenible de la tierra, a mantener unas densidades y una compacidad adecuadas al ampliar las zonas urbanas a

*fin de **prevenir y a contener el crecimiento urbano incontrolado** y prevenir los cambios innecesarios del uso de las tierras y la pérdida de tierras productivas y de ecosistemas frágiles e importantes.*

*71. Nos comprometemos a fortalecer la gestión sostenible de los recursos, entre ellos la tierra, el agua (los océanos, los mares y los **recursos de agua dulce**), la energía, los materiales, **los bosques** y los alimentos, prestando especial atención a la gestión racional desde el punto de vista ambiental y la reducción al mínimo de todos los desechos, los productos químicos peligrosos, incluidos los contaminantes del aire y del clima de corta vida, los gases de efecto invernadero y el ruido, y de tal manera que se tengan en cuenta los vínculos entre las zonas urbanas y las rurales, las cadenas de valor y de suministro funcionales en relación con su repercusión y sostenibilidad ambientales, y que se luche por lograr una transición hacia una economía circular al tiempo que se facilita **la conservación de los ecosistemas, su regeneración, su restablecimiento y su resiliencia frente a los retos nuevos y emergentes.***

72. Nos comprometemos a aplicar a largo plazo procesos de planificación urbana y territorial y prácticas de desarrollo espacial con gestión y planificación integradas de los recursos hídricos, teniendo en cuenta la continuidad entre las zonas urbanas y las rurales a escala local y territorial y con la participación de las comunidades y los interesados pertinentes.

*73. Nos comprometemos a promover la **conservación y la utilización sostenible del agua** mediante la **rehabilitación de los recursos hídricos en las zonas urbanas, periurbanas y rurales**, la reducción y el tratamiento de las aguas residuales, la reducción al mínimo de las pérdidas de agua, el fomento de la reutilización del agua y el aumento de su almacenamiento, su retención y su recarga, teniendo en cuenta el ciclo hidrológico.*

DÉCIMO SEXTA. A metodoloxía de deseño das infraestruturas de transporte de Lugo é obsoleta

Os métodos de demanda futura ou modelos de tráfico, como contempla este proxecto, se fundamentan en cuantificar o futuro da infraestrutura concreta baseándose na tendencia de ciclos anteriores. Consiste simplemente en definir a demanda en función das actividades, sen ter en conta a existencia e/ou construción de novas redes de transporte en todo o ámbito. O modelo de tráfico utilizado para deseñar o proxecto abstráese do funcionamento da totalidade da rede. Este tipo de modelos adoitan dar cifras exaxeradas de estimacións de tráfico que se defenden como logo utilizadas, pero coa consecuencia do desprazamento da conxestión a outros puntos e inducendo a multiplicación do tráfico privado.

Este enfoque basease nun planeamento urbanístico centrado só na creación de novo solo para satisfacer exclusivamente a necesidade da extensión da cidade no territorio nun crecemento irreal en moitos casos, como o de Lugo. Este enfoque coincide co deseño máis caótico e desestructurado da construción da cidade, un urbanismo consecuente aos booms inmobiliarios, como é o caso do actual Plan Xeral de Ordenación Municipal de Lugo, de 2011. As infraestruturas preceden a un crecemento, ficticio neste caso, que necesita dese soporte. O resultado desa metodoloxía de demanda é, ademais dunha cidade caótica e desestructurada, a potenciación das consecuencias da mobilidade que se pretendían ou deberían eliminar: a fragmentación da cidade e a conxestión da rede.

No mundo actual, co límite de recursos enerxéticos e o alto prezo pagado por un modelo de crecemento que esnaquizou o territorio, hai que cambiar o enfoque. As técnicas actuais de planificación das infraestruturas son inversas, baséanse nos métodos de oferta, non nos de demanda como hasta agora e como contempla este proxecto. O que hai que buscar é atender ao dereito á mobilidade minimizando os custos ambientais, económicos e sociais de todo o sistema da cidade. Non consiste en maximizar a función dunha infraestrutura senón en entendela como parte dunha rede. Unha rede integral, atendendo a todos os modos de transporte dispoñibles; unha rede eficiente, minimizando os custes dos desprazamentos, con atención espacial ao transporte público colectivo; e

unha rede sustentábel, de tal modo que o impacto sobre o medio ambiente sexa mínimo.

Trátase de resolver un problema dun modo integral e non sectorial, como xa é así en toda Europa. Os métodos de demanda, como contempla este proxecto, só conseguiron o predominio do automóbil sobre o deseño da cidade cunhas consecuencias terribles tanto medioambientais como sociais, coa grave exclusión da poboación non motorizada (no caso de Lugo flagrante pola alta media de idade da poboación).

Por iso, se esixe o deseño das infraestruturas da cidade de Lugo, e desta en concreto, dende outras metodoloxías, con outros tipos de instrumentos e indicadores e dun modo en rede integral, planeando alternativas que rompan as dinámicas dun crecemento territorial irreal e imaxinario e propiciando outra expresión espacial da mobilidade, entendida como un dereito de toda a poboación, non só a motorizada.

DÉCIMO SÉTIMA. Falta de transparencia no procedemento

Pese a que ADEGA solicitou o 3 de marzo o personamento e copia dixital do expediente, a Axencia Galega de Infraestruturas non deu resposta, polo que non tivemos acceso nin ao Estudo de Impacto Ambiental nin ao proxecto anterior. Tampouco tivemos acceso aos planos vectoriais, ou capas dixitais, o que tería facilitado así a revisión do proxecto.

Polo tanto non se está dando acceso á cidadanía a toda a información necesaria para poder avaliar completamente os impactos que esta infraestrutura vai xerar sobre o medio ambiente e a poboación.

DECIMO OITAVA. Procedemento de gran complexidade técnico-xurídico

Un relevante número de particulares evacuaron alegacións no presente trámite de información pública. Porén, ter cumprimentado o mentado trámite non pode levarnos a concluír, nin moito menos, a plena satisfacción dos dereitos deses cidadáns á participación nos asuntos públicos, debido ás dificultades inherentes a poder evacuar unas alegacións acaidas fronte a un proxecto tecnicamente moi complexo e voluminoso nun prazo de tempo curto. A contraparte nin dispón de medios económicos, nin dispón de coñecementos, nin dispón de normativa que ampare a súa posición.

En base ao anteriormente exposto,

SOLICITO que tendo por presentadas estas alegacións, se lles dea o trámite oportuno e, en virtude do exposto, se proceda a resolver negativamente o procedemento referido no encabezamento do presente escrito, considerando a tal efecto os argumentos esgrimidos.

En Lugo, a ____ de abril de 2023

Asdo: _____